



FICHA RESUMO

Ano	2011	PE 403A 2010/13-5 PE 403A 2010/17-5 PE 403A 2010/18-5
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO	
Modalidade⁽³⁾	MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN	

Especies	Ameixa fina (<i>R.decussatus</i>), Ameixa babosa (<i>V.pullastra</i>), ameixa rubia (<i>V.rhomboides</i>), ameixa xaponesa (<i>R.philippinarum</i>), berberecho (<i>C.edule</i>), carneiro (<i>V.verrucosa</i>), cornicha (<i>S.solida</i>), ameixa bicuda (<i>V. aurea</i>), ameixon (<i>Callista chione</i>) e reló (<i>Dosinia exoleta</i>)	
Ámbito do plan	Bancos marisqueiros sublitorais da Ría de Vigo, excepto a autorización da confraría de Baiona.	
Subzonas de explotación	GAL – 11/05 ZONA 1 – Ens. de San Simón, bancos Noroeste: ⁽²⁾ VI 003 - O Cabalo VI 151 Río da Emilia	
Figuras de protección	GAL – 11/05 ZONA 2- Ens. De San Simón, bancos Nordeste: ⁽²⁾ VI 002 – Puntal - Río do Medio VI XXX – Sur Puntal – Río de Medio	
(1) Parque Nacional Illas Atlánticas	GAL – 11/05 ZONA 3.- Ens. San Simón, bancos do Sur: ⁽²⁾ VI 148 – Pedra de Oliveira VI XXX – Zona de berberecho VI 176 – Pedra Branca- Lazareto VI 177 - A Portela	
(2) LIC Ens. San Simón	GAL – 11/04 Zona 4- Da Ponte de Rande ata Porto Con e Porto Vigo: VI XXX - Punta da Moa VI 050 – Arroás VI 174 – Cabanas VI 175 – A Cuncheira VI XXX - Etea VI 063 – Guia-Cabrón VI XXX – Vulcano.	
	GAL – 11/04 ZONA 5- Do Peirao do Con a Pta. de Rodeira: VI 048 – Tirán alto VI 049 – Tiran Baixo	
	GAL – 11/04 ZONA 6- De Pta. de Rodeira a Pta. Borneira: VI 047 - Sinal VI 045 – Rodeira VI 046 - Cangas- Sartén VI 041 - Canastros VI 042 - Massó-Balea VI 043 - Borneira VI 044 - Sangueirón	
	GAL 11/01 ZONA 7- De Pta. Borneira a Pta. Corbeiro dos Castros. VI XXX – Limens VI XXX - Salaiños.	
	GAL 11/01 ZONA 8- Pta. Corbeiro dos Castros ó Faro de Cabo Home. VI XXX - Nerga- Viñó VI 052 – Barra II	
	GAL 11/01 ZONA 9- Illas Cíes (Parque Nacional Illas Atlánticas) ⁽¹⁾ VI XXX – Muixeiros VI 053 – Rodas Carracido-Viños VI XXX - Os Viños VI 054 – San Martiño alto VI 055 – San Martiño baixo	
	GAL 11/04 ZONA 10- Dende o Náutico de Vigo ata Cabo Estai VI 062 – Frontal de Bouzas VI 061 – Madorníña	



	VI XXX - Os Carreiros VI 060 – Cabo de Mar inverno VI 058 – Cunchido de Samil VI 064 – Canido norte VI 057 – Bao-Río	VI XXX - Os Travesos VI XXX – Cabo de mar- verán VI 056 – Canido inverno
GAL 11/01 ZONA 11- Dende cabo Estai a cabo Silleiro. VI 130 Ens. Baiona, zona flote III - LM ZONA VI XXX Estelas		

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	329	-
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		200										
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾: de xaneiro a decembro, con rotación de bancos												
Modalidade ⁽³⁾: dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura		
Especies	Embarcación	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ameixa fina	-	3 kg
Ameixa babosa	-	8/10 kg (*)
Ameixa rubia	-	16/20 kg
Ameixa xaponesa	-	10 kg
Berberecho	-	10 kg
Carneiro	-	4 kg
Cornicha	-	2 kg
Ameixa bicuda	-	2 kg
Ameixón	-	2 kg
Reló	Determinarase na resolución de apertura	

Artes a empregar	Rastros, raños e ganchas, segundo o Decreto 424/1993, cunha separación mínima entre varillas de 17 mm para o berberecho, ameixa fina e ameixa xaponesa.
-------------------------	---

Puntos de control	Zona de traballo mediante embarcación e lonxas de Cangas, Moaña, Vilaboa, Arcade, Redondela, Canido, Vigo e Baiona.
Puntos de venda	Lonxas de Cangas, Moaña, Vilaboa, Arcade, Redondela, Canido, Vigo e Baiona.

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas: Tirán, Canido, Cabalo, Area Nova do Cabalo												
Especies: ameixa babosa e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												
Preengorde de ameixa en batea												

Outras consideracións

Para o ano 2011 preséntanse 3 plans de explotación para o marisqueo a flote na ría de Vigo. As características dos plans presentados e o resultado da súa análise resúmense a continuación:

Plan específico de explotación presentado pola confraría de Arcade para moluscos bivalvos (PE 403A 2010/13-5): Analizada a proposta de plan de explotación presentada obsérvase que:

- Ámbito do plan: os bancos sublitorais do ámbito territorial da entidade, de Punta Cabalo á caseta do Ceboleiro cara ao interior da ría.
- Embarcacións participantes: presenta un listado de 57 embarcacións.
- Especies: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa e berberecho.
- Os obxectivos de produción parecen referirse só ás embarcacións da entidade.
- Os topes de captura propostos para a ameixa babosa, ameixa fina, ameixa xaponesa e berberecho son os seguintes: 4 kg/tripulante/día, 3 kg/tripulante/día, 12kg/tripulante/día e 10 kg/tripulante día, respectivamente.
- Calendario: Propoñen traballar todo o ano, cun total de 250 días. En vez da veda tradicional, propoñen a rotación de bancos (presentan unha proposta de rotación).
- Os puntos de control situaríanse na zona de traballo e nas lonxas das entidades cun barco de Arcade e embarcacións do resto das entidades.
- No plan financeiro presentado inclúen entre os ingresos unha partida de "descontos mariñeiros", pero non especifican en qué consiste.

Finalmente lembrar con respecto ao ámbito proposto no plan, que o alcance xurídico da determinación do ámbito territorial afecta unicamente á determinación do territorio para a afiliación dos membros das confrarías, non tendo a consideración de dereito preferente para a



explotación dos recursos mariños ou marisqueiros, agás nos casos que legalmente se lle atribúa outro alcance (artigo 46.5 do Decreto 261/2002, do 30 de xullo).

Plan específico de explotación presentado pola Asociación de confrarías da Ría de Vigo, (confrarías de Moaña, Vigo, Baiona e a Asociación Pedra de Oliveira) **para moluscos bivalvos (PE 403A 2010/17-5),** que segundo a certificación achegada, foi aprobado na reunión da xunta xeral desta Asociación. Analizada a proposta de plan de explotación presentada obsérvase que:

- Ámbito do plan: bancos sublitorais da ría de Vigo, excepto a autorización de Baiona

- Participantes: todas as embarcacións coa arte de marisqueo (Z1) no seu permiso de explotación, aínda que só presentan a relación de embarcacións das entidades que constitúen a Asociación.

- Especies: ameixa babosa, ameixa fina, ameixa rubia, ameixa xaponesa, ameixa bicuda, berberecho, reló, carneiro, ameixón e cornicha.

- Calendario: 180 días durante once meses, establecendo un sistema de rotación de bancos e descansando no mes de maio. Traballarían de luns a xoves a excepción do mes de decembro, no que traballarían de luns a venres.

- Non establecen cómo financiarán os puntos de control nin a vixilancia. Especifican que contan con dúas embarcacións e dúas persoas contratadas. Os puntos de control no mar son indefinidos e os de terra no abarcan á totalidade das organizacións, ao igual que os puntos de venda.

Plan específico de explotación para moluscos bivalvos presentado por Pescadebaixura. S. Coop. Galega (confrarías de Redondela, Cangas e por Cies Artesanais S. Coop. Galega e Mar do Morrazo S. Coop. Galega) (PE 403A 2010/18-5): Analizada a proposta de plan de explotación presentada obsérvase que:

- Ámbito do plan: os bancos sublitorais da ría de Vigo, entre os que citan as praias de Domaio e da Xunqueira por dentro dos polígonos das bateas, no límite coa zona de marisqueo a pé, punto de constante conflito coa confraría de Moaña onde non existe acordo de división entre as zonas de a pé e a flote, ademais de descoñecerse a produtividade da zona sublitoral. Reclaman que se aclare se na Enseada de Baiona existe algunha autorización legal vixente outorgada á Confraría de Baiona.

- División do ámbito en 12 zonas, xustificando a subdivisión para facilitar as peticións mensuais de apertura e emprazar os puntos de control e vixilancia

- Participantes: todas as embarcacións coa arte de marisqueo (Z1) no seu permiso

- Especies: ameixa babosa, ameixa fina, ameixa rubia, ameixa xaponesa, ameixa bicuda, berberecho, reló, carneiro, ameixón e cornicha.

- Cotas de captura: Solicitan un máximo de 40 días ao ano nos que se podería aumentar a cota de ameixa babosa a 10 kg e 70 días ao ano nos que se podería aumentar a cota de ameixa rubia ata 20 kg. Na zona externa compensarían durante todo o ano 2 kg de ameixa rubia por cada quilo de ameixa babosa e cando o tope de ameixa rubia aumente a 20 kg o de ameixa xaponesa se mantéña en 8 kg, entón compenaríase 2,5 kg de ameixa rubia por cada quilo de ameixa babosa. Nalgunhas épocas do ano, na zona interna, con solicitude previa, podería compenarse 2 kg de ameixa xaponesa por cada quilo de ameixa fina. Tamén se podería compenar 2 kg de ameixa babosa por 1 kg de ameixa fina na zona externa.

- Calendario: 200 días, durante once meses, establecendo un sistema de rotación de bancos. Traballarían de luns a xoves a excepción do mes de decembro, no que traballarían de luns a venres.



Así polo tanto, á vista do exposto anteriormente, a **explotación de moluscos bivalvos na ría de Vigo na modalidade de marisqueo dende embarcación** realizarase baixo as seguintes condicións:

Ámbito do plan: Bancos sublitorais da ría de Vigo, excepto a autorización da confraría de Baiona. As subzonas de produción dividiranse da seguinte forma:

- ZONA 1 – Ens. de San Simón, bancos Noroeste.
- ZONA 2- Ens. De San Simón, bancos Nordeste.
- ZONA 3.- Ens. San Simón, bancos do Sur.
- ZONA 4- Da Ponte de Rande ata Porto do Con e o Porto de Vigo.
- ZONA 5- Do Peirao do Con a Punta de Rodeira.
- ZONA 6- De Punta de Rodeira a Punta Borneira.
- ZONA 7- De Pta. Borneira a Pta. Corbeiro dos Castros.
- ZONA 8- Pta. Corbeiro dos Castros ó Faro de Cabo Home.
- ZONA 9- Illas Cíes (Parque Nacional Illas Atlánticas).
- ZONA 10- Dende o Náutico de Vigo ata Cabo Estai.
- ZONA 11- Dende cabo Estai a cabo Silleiro.

Exclúense a zona de Domaio e da Xunqueira mentres non se avalíe o estado do recurso e exista un acordo de separación das zonas de a flote e a pé co colectivo de mariscadoras da confraría de Moaña.

Participantes: embarcacións coa arte de marisqueo (Z1) no permiso de explotación en vigor.

Con respecto ás relacións de participantes que figuran nos diferentes plans presentados advírtese que:

- As seguintes embarcacións non teñen o permex en vigor:
- As seguintes embarcacións non ten autorizada a arte de marisqueo:
- As seguintes embarcacións están desguazadas:
-
- As seguintes embarcación teñen a arte de libre marisqueo polo que deberían de estar incluídas no plan:
-
- (*)
-
- A seguinte embarcación está en tramitación de traslado de permex e aínda non ten asignadas artes:

Calendario: 200 días máximos de extracción, entre xaneiro e decembro, establecendo un sistema de rotación de bancos ou unha veda de dous meses en abril e maio. Poderase eliminar o período de veda sempre e cando se estableza un calendario de rotación dos bancos, indicando mes a mes os bancos que se abrirían e pecharían, e as especies que se extraerían, de xeito que se demostrase o período de descanso de cada banco marisqueiro. Dito calendario deberá achegarse antes do inicio da actividade neste plan.

En caso de que non se achegue dito calendario de rotación establecerase un período de veda.



Traballarán de luns a xoves salvo épocas puntuais en que se poderían traballar os venres.

Topes de captura:

Zona interna (zonas 1, 2, 3)

1. As cotas máximas serán as seguintes, podendo collerse na mesma xornada o tope máximo para todas elas:

- Ameixa fina : 3 kg
- Ameixa babosa : 2 kg
- Ameixa xaponesa : 10 kg
- Berberecho : 10 kg.

2. Cando na resolución de apertura os topes autorizados sexan inferiores ao indicados no punto 1, poderán incrementarse os topes fixados na resolución coas seguintes compensacións: por cada kg que non se extraia de ameixa fina, poderán collerse 2 kg máis de ameixa xaponesa, pero sempre sen sobrepasar os topes indicados no punto 1.

Zona externa (resto zonas) Os topes máximos serán os da ficha, con estas puntualizacións:

3. Cando se extraia unha sola especie das principais, os topes serán os seguintes:

- Ameixa babosa :8 kg/tripulante enrolado e a bordo/día. Esta cota poderá incrementarse durante un máximo de 40 días ao ano ata 10 kg sempre e cando o estado do recurso así o permita.
- **Ameixa rubia** :16 kg/tripulante debidamente enrolado e a bordo/día, podendo incrementarse durante 70 días ao ano ata 20 kg, sempre e cando o estado do recurso así o permita.

4. De extraerse as dúas especies na mesma xornada, aplicarase a seguinte compensación, sempre sen sobrepasar os topes do punto 3:

- se as cotas de babosa/rubia son 8/16 ou 10/20: por cada 1 kg de babosa que non se extraia, poden capturarse 2 kg de rubia,e viceversa.
- se as cotas son distintas as anteriores: a compensación será de proporcional, detallándose na resolución de apertura.

5. As cotas máximas das especies non principais son as seguintes, podendo extraerse na mesma xornada o máximo para todas elas:

- Ameixa fina: 3 kg
- Berberecho:10 kg
- Ameixa xaponesa: 10 kg.
- Carneiro: 4 kg/tripulante/día
- Cornicha: 2 kg/tripulante/día
- Ameixón: 2 kg/tripulante/día

A vista dos datos das mostraxes realizadas e dos controis de tallas quincenais, os topes de capturas poderían reducirse segundo o estado dos bancos e/ou atrasar a súa apertura.

Artes a empregar: En canto á mecanización do angazo, solicitada por Pescabaixura S.C.G., infórmase que se trata dunha modificación dunha arte contemplada no Decreto 424/1993, é non procede a súa valoración dentro dun plan de explotación presentado ao abeiro do Decreto 423/1993.



Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro e das capturas dividido por zonas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial, seguindo as indicacións dos técnicos. De xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos da explotación do mes anterior.

Nas peticións de apertura deberán indicar o número de puntos de control que terá cada entidade, a súa situación, identificar a/s embarcación/s de control e as persoas responsables.

A valoración das accións de rexeneración e dos traballos de semicultivo será realizada no momento no que se detallen as zonas, períodos, metodoloxía, participantes e organización destes.

O **horario** para o marisqueo dende embarcación é de 8:00 a 14:00, de conformidade co autorizado segundo o establecido no artigo 115 do Decreto 423/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia.

Deberán achegar, antes do inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- **Calendario de rotación de bancos** indicando mes a mes os bancos que se abrirían e pecharían, e as especies que se extraerían, de xeito que se demostrase o período de descanso de cada banco marisqueiro

Informe do P.N. Illas Atlánticas: A Administración do Parque Nacional da Illas Atlánticas non emitiu informe respecto ao plan presentado.